

RENOVACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade co establecido na *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.* (DOG n.º 180, 18/09/2024), desenvolverase no **CEIP Plurilingüe Bragade** o proceso de renovación do **CONSELLO ESCOLAR**, instrumento de participación na vida escolar dos sectores educativos deste.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar serán responsabilidade da **Xunta Electoral**, que se constituirá ao efecto e que estará integrada por:

- O director do centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do *Decreto 92/1988, do 28 de abril* (DOG, 29/04/1988), redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do *Decreto 324/1996, do 26 de xullo* (DOG 09/09/1996). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o venres 18 de outubro de 2024, ás 10:30 horas no despacho da Dirección/Secretaría.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Asinado dixitalmente en Cesuras.

Asdo.: O Director

Israel Arranz Carreño

